



OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 31 de outubro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

14.- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións da Concellería de Xuventude do Concello de Ourense para asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de xuventude no ano 2018. (Expte. 2018025240)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar as Bases Reguladoras para a concesión de subvencións da Concellería de Xuventude do Concello de Ourense para asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de xuventude, que se recollen no documento electrónico co CSV: MIKNWWMG5WEYGFRI.

2.- Aprobar a convocatoria das subvencións da Concellería de Xuventude do Concello de Ourense para asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de xuventude no ano 2018.

3.- Aprobar o gasto por importe de 18.000,00 euros con cargo á partida 190 3370 48000 dos orzamentos do Concello de Ourense para o exercicio en curso (RC 201800039525).

4.- Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos.

5.- Ordenar a publicación do extracto da Convocatoria na Base de datos Nacional de subvencións para o seu xeral coñecemento e efectos.

Ourense, na data de sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Flora Moure Iglesias

